

PRESENTACIÓN TELEMÁTICA MODIFICACIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

-É preciso obter a **chave365** ou **certificado digital** para presentar telematicamente a documentación de modificacións (actualización estatutos, xunta directiva, cambio de enderezo...)

- Para obter a chave 365 o presidente do club ten que ir co seu dni a un rexistro xeral xunta ou ao seu centro de saúde (algúns están habilitados) para que lle den a chave.
- Certificado digital asociado ao club require 1) ir á páxina da Fabrica Nacional da Moneda e Timbre e descargar un código, 2) Conseguir o certificado de inscrición rexistro asociado. Deportiva do Club (O emitimos aquí, en Deportes Xunta tanto en Vigo como Pontevedra) 3) Cos pasos 1 e 2 ir a Facenda e alí activan o Certificado Digital.

-Unha vez obtida esta chave ou certificado dixital hai que entrar na páxina web: www.sede.xunta.gal (Inicio Sede Electrónica)-Buscar o **procedemento PR946B** (Mod.Rex.Ent.Deportivas) –Vai aparecer “Iniciar a Presentación Electrónica na Sede”-Introducir Chave ou Certificado Dixital-Descargar solicitude (**Anexo III-Este anexo se cubre no ordenador**) e se adxunta o resto de documentación escaneada (millor formato pdf) a:



Servizos Provinciais de Deportes de Pontevedra
Rúa Fernández Ladreda Nº 43 6ª Planta
36003 Pontevedra

Para calquera dúbida teléfonos: 886 20 65 29/986 80 55 44-aquí é donde van a tramitar a vosa solicitude –REXISTRO ENTIDADES DEPORTIVAS PONTEVEDRA.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Podedes descargala na páxina web : www.deportes.gal (pinchade en **Rexistro Entidades Deportivas**) e ao final veñen os documentos para imprimir que son os seguintes (según cada caso):

ACTUALIZACIÓN ESTATUTOS:

- 1) **[Modelo para a modificación do rexistro dun club](#)** (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática-é dicir, o cubrides no propio ordenador para despois enviar telematicamente) **Pinchades as aspas que se refiren á [MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES MERCANTÍS](#)**



Estes modelos que seguen a continuación son os que tedes que escanear (unha vez cubertos e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:

- 2) [Modelo de estatutos dun club.odt](#) (teñen que asinar o presidente e o secretario na marxe esquerda de cada folia)
- 3) [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro](#) (poñeríades que certificades a actualización dos estatutos para adaptalos á lei do deporte) **TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**

Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que **CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E** poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra

- 4) [PAGO DE TAXAS](#) (axunto modelo de tasas co email)

ACTUALIZACIÓN ESTATUTOS E CAMBIO DE XUNTA DIRECTIVA

- 1) [Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática) Tamén tedes que achegar o Anexo II (no que aparece a xunta directiva) Pinchades as aspas que se refiren á **MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES MERCANTÍS + as aspas que se refiren a inscrición de modificación da composición da xunta de goberno.**

Estes modelos que seguen a continuación son os que **tedes que escanear** (unha vez cubertos e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:

- 2) [Modelo de estatutos dun club.odt](#) (teñen que asinar o presidente e o secretario na marxe esquerda de) cada folia)
- 3) [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro \(NOVO\) \(poñedes que certificades a actualización dos estatutos para adaptalos á lei do deporte, así como actualización xunta directiva \) TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.](#)

*Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que **CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E** poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra

- 4) [Modelo de relación dos membros da xunta directiva](#) (teñen que firmar todos os membros xunta directiva actualizada) **TEDES QUE ACHEGAR COPIA DOS DNIS DOS NOVOS MEMBROS.TAMÉN ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**
- 5) [PAGO DE TAXAS](#) (axunto modelo de tasas co email)

CAMBIO DE XUNTA DIRECTIVA

- 1) [Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática) Tamén tedes que achegar o Anexo II (no que aparece a xunta directiva). Pinchades as aspas que se refiren á **INSCRIPCIÓN MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

Estes modelos que seguen a continuación son os que tedes que escanear (unha vez cubertos e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:

2) Modelo de certificación para modificacións no Rexistro (poñedes que certificades a actualización xunta directiva) **TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**

*Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que **CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra**

3) Modelo de relación dos membros da xunta directiva (teñen que firmar todos os membros xunta directiva actualizada) **TEDES QUE ACHEGAR COPIA DOS DNIS DOS NOVOS MEMBROS.TAMÉN ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

SOLICITUDE DE BAIXA DO CLUBE

1) Modelo para a modificación do rexistro dun club (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática)

Estes modelos que seguen a continuación son os que tedes que escanear (unha vez cubertos e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:

2) Modelo de certificación para modificacións no Rexistro (poñedes que certificades a baixa do club tedes que poñer adonde vades a destinar o capital do club e se tivese o club bienes materiais a que entidade vai parar) **TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**